

MEMORIA DE ACTIVIDADES NO 1999

=====

A FUNDACION NOVAS afrontou en 1999 o seu sexto ano de andaina cos obxectivos de facilitar axudas académicas ós estudantes universitarios e proporcionar apoio económico para o desenrolo cultural e educativo da parroquia de Beluso, no concello pontevedrés de Bueu, cumprindo cos fins recollidos nos estatutos fundacionais da nosa entidade benéfico-docente.

Ó longo do pasada ano, a FUNDACION NOVAS convocou unha nova edición das suas becas e axudas para universitarios. Neste senso, o Padroado da Fundación recibiu varias peticións para acceder a estas becas. Reunido o Padroado no mes de agosto, decidiuse non conceder ningunha nova axuda por non reunir os candidatos as condicións establecidas nas bases da convocatoria. Nesta mesma reunión tomouse o acordo de manter as axudas para Emilio Agulla Lemos, Fátima Entenza Martínez e Eloy Gestido de la Torre. O Padroado toma o acordo de incrementar o importe das axudas ata as 150.000 pesetas para cada un dos becados.

O Padroado da Fundación tamén tomou o acordo de seguir concedendo unha axuda de cincuenta mil pesetas ó Colexio Público de Beluso. Esta axuda adícase á organización e financiación, xunto con outras entidades sociais e culturais, da Semana Cultural de San José, que todo-los anos ven de realizarse neste Colexio, cun salientable éxito de participación.

BAIXA NO PADROADO DA FUNDACIÓN

O 28 de maio de 1999 faleceu en Pontevedra o vicepresidente da Fundación, D. Francisco León Álvarez. O seu paramento foi moi sentido no seno do Padroado, toda vez que o sr. León Álvarez foi un dos responsables de levar adiante o desexo do noso fundador, D. José Novas Regueira, de crear esta entidade benéfico-docente. O labor do sr. León Álvarez ven de ser recoñecida polo Padroado da Fundación Novas por te radicado moito tempo a traballar arreo pola entidade da cal é membro fundador.

O pasamento do sr. León Álvarez fai que o Padroado da Fundación Novas esté composto agora polos seguintes membros:

Fundador e Presidente de Honra: D. José Novas Regueira

Presidente: D. Jesús Portela Medraño

Tesoreiro: D. Manuel Novas Rey

Secretario: D. José Otero Baena

Vocal: Dña. María Luisa Reboiras Heras

VENTA DOS INMOBLES DE MARBELLA

A FUNDACION NOVAS ven de proceder a venda dos seus bens inmobles –un apartamento e unha praza de garaxe- na urbanización Nueva Andalucía, no concello malagueño de Marbella. Tras intensas xestións, o 28 de xuño de 1999, a Fundación, representada polos seu presidente, D. Jesús Portela Medraño, vendeu á sociedade Vulpi Yuri S.A., estes bens inmobles, nun acto que tivo lugar na Notaría de D. Joaquín María Crespo Candela, do Ilustre Colegio Notarial de Granada, na cidade de Marbella.

En canto á situación económica da nosa entidade, cumpre reseñar que o capital social que estaba nun Depósito Especial 96 de Deuda Pública a seis meses (dende o mes de setembro de 1998 a febreiro de 1999) foi repartido en dúas novas inversións por decisión do Padroado da Fundación.

Beluso, 30 de xuño de 2000

D. Jesús Portela Medraño

Presidente do Padroado.

D. JESUS PORTELA MEDRAÑO

Presidente do Padroado